



AREA

REVISTA DAS MULLERES NACIONALISTAS GALEGAS

N.º 1 - MAIO - 87





Indice

	PAX.
EDITORIAL	3
QUEN SOMOS?	4
ENTREVISTA CON MARISA ANDRADE....	5
FRANCISCA HERRERA: GALEGUISMO E ANTISUFRAJISMO - CARMEN BLANCO	6
POEMAS DE PILAR PALLARES	7
ALEGORIA DO CORPO	8
AS MULLERES, PROTAGONISTAS EN GUERNIKA	9
AS MULLERES NACIONALISTAS ANTE AS ELECCIONS MUNICIPAIS	10
EN LEMBRAZA DE SIMONE DE BEAUVOIR	10

ENDEREZO: Policarpo Sanz, 22 - 4.º portas 1 - 4.
Teléfono (986) 43 06 45
VIGO

Editorial


Somos AREA, nascemos como a AREA despois dun longo proceso de erosión nas nosas mentes de mulleres toda unha vida de opresión. Queremos ser a voz desa AREA que naceu en Santiago, o pasado mes de Outubro, que renunciou a ser "uns graos máis" para conformarse en montaña crecente que rexurde na paisaxe do noso povo para transformala. Aspiramos a ser AREA que percorra o máis pequeno curruncho na busca de todas aquelas areas, hoxe aldraxadas, oprimidas, negadas, violentadas... pero que soñan cun futuro de sol e água na praia da Pátria Liberada.

Para iso seremos leito brando para aqueles que queiran ser os nosos compañei-

ros de camiño. Pero aqueles que pensen que o seu pe pode esmagarnos só porque está erguido e nós aínda deitadas, sucumbirán no máis profundo dos abismos, pois máis unidas que nunca converteremos os nosos brazos en funil.

A primavera saúdanos máis solidaria neste ano. O ar trai mensaxes doutras areas do planeta irmás nas mesmas tarefas.

Todas xuntas entonemos a nosa complicidade no seguimento do exemplo das areas de Nova Iorque, que sucumbiron ao lume tirano para rexurdir como unha explosión por todo o mundo.



QUEN SOMOS?

Mulleres Nacionalistas Galegas aparecimos como organización feminista na Galiza en Novembro de 1986. Durante dous días, nun ambiente de entusiasmo e alegría reunímonos en Santiago mais de 200 mulleres para crear unha organización feminista e nacionalista. Xa antes viñamos funcionando en pequenos grupos en diferentes povos e cidades do noso país, pero foi aquí onde estes grupos nos coordinamos e organizamos definitivamente.

Pensamos que a aparición de M.N.G. supón un grave avance para conquistar a concienciación feminista de moitas mulleres e para que o movemento de liberación na Galiza vaia asumindo a nosa loita.

Para nós é especialmente importante a aparición da nosa revista, AREA, porque queremos que sexa un dos meios para transmitir a nosa mensaxe a todas aquelas mulleres interesadas en colaborar co noso proxecto. Desde aquí animamos a todas esas mulleres a mandarnos as súas colaboracións para AREA (textos, fotos, dibuxos...), de forma que entre todas vaíamos avanzando cotidianamente no noso camiño.

A mensaxe que queremos levar a todas as mulleres de todos os puntos do país é que temos que romper coa situación de opresión que sofremos como mulleres e como povo colonizado. Partindo desta situación de opresión capitalista, colonial e patriarcal e sen esquecer nengunha delas estamos seguras de conquistar a liberación de todas as mulleres do noso povo.

As mulleres galegas véñenos mais que noutras zonas do mundo no campo, nas fábricas e nas ruas porque debido á emigración fundamentalmente masculina as mulleres galegas traballamos moito mais fora da casa. Sen embargo, isto que podería parecer enormemente positivo non o é tanto, porque este traballar mais non quere dicir que teñamos mais poder de decisión na vida política, social económica, familiar e cotidiana, o que aínda resulta mais sangrante.

Dentro dos sectores nos que a muller traballa destaca o agrario. No campo galego o 55% dos traballadores somos mulleres, pero como non é un traballo retribuído cun salario, esta actividade non é valo-

rada socialmente. No sector pesqueiro o traballo da muller é de tipo eventual e xa no campo da industria a muller ocupa basicamente os postos de traballo incluídos no traballo sumerxido, sen seguridade Social, a destallo, cuns salários irrisorios e na casa, o que mantén o secular aillamento da muller e dificulta á súa sindicación. Este é o sistema utilizado pola famosa "moda galega".


Xa no campo da cultura a situación non é moito mellor. O desprécio que o povo galego como povo colonizado ten tan interiorizado con respecto á súa propia cultura acentúase no caso da muller, debido ao complexo de inferioridade que padece por seren muller.

A pesar deste negro panorama tampouco temos que pensar que todo é negativo. O papel das mulleres en Galiza sempre foi importante, en todas as loitas e actividades pola defensa dos nosos intereses, tanto no pasado como hoxe, pero foi un papel non recoñecido nen valorado.

Obxectivo das Mulleres Nacionalistas Galegas (M.N.G.) é que a participación das mulleres na loita antipatriarcal e pola soberanía nacional sexa cada día maior e mais recoñecida públicamente, e sobre todo que nós, as mesmas mulleres, nos fagamos conscientes da nosa importancia e asumamos ese papel protagonista ao que temos dereito.

Para lograr todo isto creamos unha organización autónoma de mulleres, porque pensamos que ninguén como nós coñece os nosos problemas e sentimentos, e porque na loita feminista somos as mulleres as que decidimos os obxectivos e a forma de conquistarlos.

As M.N.G. sabemos que o movemento de liberación de Galiza ten que asumir as nosas reivindicacións e plantexamentos porque non haberá liberación do povo galego se mais da metade dese povo non se libera, por iso as M.N.G. decidimos formar parte do B.N.G. mantendo a nosa autonomía organizativa e de decisión. Sabemos que haberá contradicións entre nós e o B.N.G., pero os avances que xa hoxe observamos cheas de esperanza nos din que estamos no bo camiño, no camiño de ser mulleres libres nunha patria liberada.



Entrevista con MARISA ANDRADE

Neste primeiro número de AREA, e tendo en conta a data do Día das Letras Galegas entrevistamos a María Luisa Andrade, profesora de galego nun instituto de Vigo e membro destacado da Mesa pola Normalización Lingüística. Así contestou as nosas preguntas esta loitadora e activa muller que se presenta ás eleccións municipais no n.º 2 das listas do BNG de Vigo.

P.—Marisa, cóntanos un pouco que é a Mesa pola Normalización Lingüística e porque se crea.

R.—A Mesa pola Normalización Lingüística nace hai un ano, en Abril de 1986 a partir duns Encontros pola Normalización. Esta Mesa a compoñen a Asociación Socio-Pedagóxica Galega, a Asociación de Escritores en Lingua Galega e a Federación de Asociacións Culturais Galegas, tamén conta co apoio da AGAL. Nace pola necesidade de coordinar os esforzos que tanto persoas como entidades están a realizar para avanzar no proceso da normalización. Algúns pensan que xa se deron moitos pasos e que a Mesa xa non é necesaria. Nos cremos que efectivamente se produciron avances, a Televisión Galega, por exemplo, é moi efectiva, pero moita da lexislación existente para a normalización é papel mollado, e neste momento produciuse un retroceso no ensino, falta combatividade na escola e na sociedade en xeral cara a lingua. Por iso é necesario que a lingua non se estanque, dar pasos constantemente nun proceso que nos sabemos longo.

P.—Os pais galego falantes atopan grandes problemas a hora de escolarizar aos seus fillos en galego. Desde algúns sectores coméncase a falar de organizar escolas galegas. Que opinas ti deste asunto? cal pensas que é a alternativa?

R.—Eu non son partidaria de crear escolas para nenos galego falantes, penso que é unha forma de discriminación ensinar aos castelan falantes en castelan e aos galego falantes en galego. Sería unha forma de manter a

idea de lingua materna. Todos sabemos os problemas dos nenos galego falantes cando se integran ao ensino, pero a solución, a única alternativa é galeguizar o ensino. A Mesa ten un plan de galeguización do ensino en cinco anos que en si non é difícil de levar á práctica, estamos nunha situación obxectivamente estúpida para facelo, pero hai que contar con dificultades adicionais, como por exemplo o profesorado pero poderíase facer.

P.—Segundo co tema da Mesa, que actos ten pensado organizar para o Día das Letras Galegas?

R.—Aparte das nosas campañas sistemáticas de galeguización dos concellos e corrección de topónimos temos convocada unha manifestación que se fai en A Coruña pola agresividade de cara á lingua ten o seu alcalde Francisco Vázquez, ao que tamén se lle vai facer unha denuncia por incumplir a lexislación no tema da lingua. Como remate faremos un festival poético musical.

P.—Cal é o papel da muller dentro da mesa e en xeral no proceso de galeguización?

R.—A Mesa funciona como un organismo autónomo en cada lugar, pero por exemplo en Vigo hai bastantes mulleres que traballan na Mesa, pero non un número especialmente significativo, está mais ou menos equilibrado cos homes. O que sí é certo é que normalmente cando se comprometen responden mellor que os homes. Xa en xeral, pola especial conformación da nosa sociedade, na que as mulleres levan gran parte do peso da casa, a familia e dos fillos o seu papel é fundamental na normalización, tamén hai que ter en conta que no ensino a maioría somos mulleres, e normalmente nos centros as mulleres somos as mais combativas.

E necesario levar o conflito á sociedade, que neste intre está esmorecido no tema da lingua, e aquí as mulleres temos un papel importante que xogar.


P.—Ti cres que a infravaloración da cultura galega que en

xeral se vive na nosa sociedade é mais acentuada nas mulleres?

R.—En xeral, pola inferioridade que sente a muller, os complexos e o autoodio son mais marcados. Por exemplo, hai rapazas bastante concienciadas que en certos entornos lles resulta difícil manter o uso do galego, como pode ser nas discotecas. Aos preconceitos que conleva o uso do galego sumanse na muller os preconceitos que arrastra polo feito de selo. Pero tamén é certo que cando se chega a un nivel de concienciación, a muller lánzase mais rápido e normalmente e mais firme que os homes. Hai menos mulleres que abandonan o galego que homes, polo rol social que desempeña cada sexo, porque a muller mantense mais no ámbito do privado.

P.—O papel da muller na literatura é bastante destacado, sen embargo, noutros campos, como pode ser a pintura, por exemplo, non participa de modo significativo, a que pensas que é debido?

R.—Débese ao rol que se lle asigna á muller desde pequena. Tamén inflúe o baixo nivel cultural de Galiza. A muller pode desenvolver mais ou menos ben nalguns campos, pero hai outros moitos nos que non se atreven a intervir, porque as pautas de comportamento na Galiza aínda están moi dirixidas. En Galiza a muller aínda cumpre un papel moi secundario, incluso as universitarias, que normalmente se dirixen mais a carreiras chamadas femininas.



Francisca Herrera: Galeguismo e antisufrafrismo

Desde o punto de vista feminista e nacionalista ten importancia coñecer a figura de Francisca Herrera Garrido, posto que para esta escritora Galicia e a muller foron dúas preocupacións constantes, aínda que contraditoriamente as quixese resolver desde opcións conservadoras.

En consonancia con isto, a súa obra literaria pódese caracterizar esencialmente como **feminina e galega**, por suposto, cunha femiñidade tradicional e cun galeguismo moi "feminino"

Na vida da autora pódese observar, asimismo, a dicotomía devandita, xa que se move en dúas esferas moi distintas e, por desgracia, historicamente afastadas: o mundo feminino e o mundo do galeguismo e do nacionalismo

Segundo os datos aportados fundamentalmente por María Camino Noia, Francisca Herrera foi unha muller solteira nada en 1860 no seio dunha familia burguesa da Coruña e a súa vida cotiá é aparentemente a propia dunha "señorita" do seu tempo e da súa clase. Desta maneira a angueira diaria da escritora xira en torno ao **cerrado mundo feminino** da igrexa, as tertulias e a vida na casa, con variacións de ubicación que oscilan apenas entre A Coruña, Madrid e os veraneos en Oleiros.

Outro mundo co que se relaciona Francisca Herrera é o **mundo masculino do nacionalismo** da época. Mais, como corresponde aos cánones de comportamento do "segundo sexo", non parece manter relacións persoais cos galeguistas, agás Murguía, que lle prologa un libro. Desta maneira, os contactos da creadora co nacionalismo cinguense á súa obra, predominantemente escrita en galego e publicada en coleccións e revistas deste signo ("Céltiga", "Lar", "¡Terra a Nosa!", "Nos"...)

Tal como apuntei antes, o **galeguismo** de Francisca Herrera e básicamente de raiz **sentimental** e as expresións de amor á terra enchen os seus escritos. Mais tamén están presentes na súa idea de Galicia algunhas das teorizacións de Murguía, de Risco ou de Otero. Sobre todo cos dous últimos ten moitos máis puntos en común do que poda parecer, pois os une o catolicismo, o apego a certos valores do antigo réxime e a xustificación condescendente dos rasgos supersticiosos e paganos da nosa cultura rural.



Á fin, na conciencia nacional da nosa autora son inseparables a razón e o sentimento, respondendo así ao rasgo da conxunción de subxectividade e característico da psicología feminina. Podemos ver isto nun anaco da "Introdución a Néveda 1920):

Deixade (...) que escriba, como canto: deixáde-me que fale cos galegos; que son hirmáns da y-alma os que m'escoitan, n'han de-asolagar n'os meus defeutos. E aqueles que n'entendan meus falacios, e sintanse n-o própeo lar, alleos, relembrén que nasceron en Galiza; que eiquí atallecerán, fillos e netos; que durmen n'esta terra, aloumiñadas, as cinzas, brancuxadas, á-os seus deudos.

A **femineidade tradicional** é outro rasgo esencial da obra de Francisca Herrera que é, neste sentido, un claro produto da marxinal cultura feminina na que a sociedade patriarcal educa á muller. Nesta liña, destaca sobremaneira o dominio absoluto da sentimentalidade e, en especial, do amor materno-filial, pois para Francisca Herrera a muller realizase por esencia na entrega desinteresada aos demais, tal como ensina o cristianismo a través do mito da Virxen. Unha mera enumeración dos títulos dos seus libros poéticos evidencia esa efusión sentimental tan propia do "belo sexo" que a emparenta dalgunha maneira coas cantoras das "pombas e as frores" que dicía Rosalía: **Sorrisas e bágoas** (1913), **Almas de muller... ¡volallas na luz!** (1915) e **Frores do noso paxareco** (1919).

Mais fronte a este carácter tradicional, Francisca Herrera mantén unha excepcional constancia literaria que comprende, ademais da poesía, a narrativa e o ensaio, e que

presenta unha importante riqueza lingüística e momentos de grande calidade lírica na primeira novela feita por unha escritora galega: **Néveda**.

Ademais, o universo femenino impregna toda a súa obra e neste sentido podemos dicir que nos retratos de mulleres está un dos seus máis claros logros e onde pode residir a curiosidade feminista actual.

Precisamente foi este interés pola muller o que a levou a escribir o ensaio "A muller galega" (1921), que, pese a ser un alegato antisufrafrista, presenta considerables rasgos pro-femininos e parece ser o **primeiro ensaio galego de temática feminista feito por unha muller**.

Cómpre dicir tamén que Francisca Herrera comparte coa ideoloxía de certo nacionalismo tradicional, moi marcado polo cristianismo, a mitificación da muller-naí venciñada á terra e encarnada na muller do campo que, á vez, contén en si mesma os valores autóctonos galegos e o sacrificio do duro traballo: para a nosa escritora "a verdadeira muller galega" é a muller rural.

Finalmente, ten particular interés lembrar o caso das relacións de Francisca Herrera coa **Real Academia Galega**, posto que a autora foi a **primeira muller numeraria electa** de dita institución. En efecto, segundo expón Camino Noia, foi eleixida en marzal de 1945, mais, aínda que entregou o seu discurso de ingreso ao mes seguinte, o acto oficial de entrada non chegou nunca a efectuarse. A tradicional lentitude académica pareceu funcionar especialmente neste caso e a autora morreu en 1950 sen tomar posesión. Este feito poder ser representativo dunha certa actitude do galeguismo con respecto á muller, que consiste na aceptación superficial e teórica dunha suosta igualdade entre os sexos, no fondo nunca realmente asumida. A elección de Francisca Herrera como académica nos teberosos anos cuarenta é un xesto semellante ao da presidencia honorífica outorgada a Emilia Pardo Bazán a comezos de séculos, cando esta escritora sostivera unaha sonada polémica feminista neste sentido coa Real Academia Española de la Lengua.

Hoxe a situación segue sendo a mesma: tan só unha muller na Academia como adorno compensatorio do dominio masculino.

Carmen Blanco

POEMAS: Pilar Pallares

e cando chega o tempo da memoria ódio-te
e volto á casa da nai o teu rosto
é un fragmento resgatado do Xardín das Hespérides

un exército deserta dos meus dedos
instala no meu sangue os seus tambores
adentra-se en espuma

pola banda do leste derrubou-se o horizonte da tarde

nai similar as saibo do seu sexo é o da vinganza
apiada-te de min que xazo á esquerda do leito
con fame da sua boca e do seu cuspe
e unha edra no ventre

nai fai-me unha coroa de diminutos dentes que me mordan
apiada-te de min
que fun detida pola espada de deus á porta do Paraíso
e ando extraviada con nostálgia da sua língua áspera e lacre no meu van
desposuída da sílaba inicial de todas as palabras
e xa tan dada á morte

nai di-lle que o guerreiro
ensinou-me que amor e ódio crescen do mesmo húmus
e así no ódio amo e no seu corpo espero

nai di-lle que me sítie
e o prezo da sua refén sexa mui alto
e que ceive os seus cans
e me devoren



PILAR PALLARÉS

dormir-me na noite do teu pelo
no gume do teu lábio esmorecer-me
ser apenas pigmento da tua pel
fósforo aceso no cerne do teu oso
desposuir-me
ser-te
no músculo que tensa as tuas coxas
na vea que azulea no teu pulso

PILAR PALLARÉS

os lábios da afogada
os seus seos rozados polos peixes
cousas así imaxes fragmentárias
este sabor salgado nas papilas
os teus brazos mordidos
o coral

PILAR PALLARÉS



Alegoría do corpo

Se nos acercamos a este país tanto por dentro como por fora e apartamos de nós a sensiblería e o folclorismo, interiorizando na nosa conciencia a realidade, será fácil comprobar que de parello ten coa muller, tanto no positivo como no negativo.

Galiza florece na primavera para quedar queimada pola Pinaosa (1) do verán. A muller desta terra florece como a exuberante natureza para fenecer na procreación e no desgaste do traballo, negando o corpo como quen nega a fame.

A experiencia do pracer, da expansión, está xunguida ao funcionamento de vivir. O noso corpo, meio polo cal entramos en contacto coa vida, non só é un fardo que se mantén polas básicas funcións: dormir, comer, traballar e reproducirse senón que é o transmisor e polarizador de todo o que nos rodea, a vida entra a través del. Negar calquer das súas partes é como mutilalo. Negar a sexualidade é apostar pola neurose, pola incapacidade de gratificación.

Hai tempo que este povo se negou a si mesmo e con el tamén as súas mulleres, transmisores da súa cultura. Todo

poder imposto, e sobre todo alleo, leva ás culturas nas que se impon o seu esnaquizamento. Así temos o verde piño autoincendiario e sanguessuga, que deixa as entrañas descubertas da terra.

De que lle serve á muller tentar de imitar o poder do home, mais que para soportar a carga, e sacarlle a tallada da frixidez e a soiade.

Tanto é o temor ao caos, que mestra como é en levar con firmeza o arado, négase a trazar o surco da súa autoafirmación e da propia conciencia.

Na actualidade hai moi pouco a que botar man, e penso que require tempo para acadar un bon estudo da realidade da muller galega.

Cando a recén nada chega a calquer casa desta terra, todas son loubanzas. Cada parte do seu corpo é unha verdadeira ledicia, até a merda (con perdón). Todos eses bicos aprobando o seu sexo van ser, non pasando moito tempo, negados.

Se a nena é de aldea, cando chega a gallaropa daráselle a mínima información sobre o seu corpo, falarase por riba da menstruación, diráselle que teña coitado cos homes, non se lle explicará porque. E así, entre a inconsciencia e os anxeios do corpo chegará a experiencia do sexo no matrimonio ou na palleira. E farase a típica pregunta, para isto...?

Boa matrona, amante dos seus fillos aos que se agarra con desesperación, administradora e traballadora. Non saca do seu corpo nengunha gratificación.

Chegada a cincuentena ou antes, como din os paisanos "a ama xa está seca como unha esparrela", a muller dúrme separada do home. Xa non hai que traer fillos ao mundo porque non hai de onde sacar. Cantas veces violada no silencio das noites! Cantos silencios aos malos tra-

tos!, e todo, polos seus fillíños.

Despois da frixidez e da castración, o misticismo. Xa que neste terra non hai salvación, alguén alá polos ceos haberá para quitarnos estas amarguras. E co mesmo afán con que as entrega á terra, así entregase a relixión. Os rezos e os "pater noster" non a liberan dos seus medos supersticiosos: os lóstregos, os bichos, as serpes... O "Pater sempre aeternum" castrador e dominante, negador do seu corpo.


E actualmente, que pasa?

A partir dos anos 60 a muller comenza a modiño a ir á Universidade, facer o Bachelato medio ou superior. A saír da súa aldea e a non ter só como alternativa a costura, os bolillos dos encaixes e a proxenia dos fillos. É o menecer da liberación.


Nos anos 70 hai como unha especie de "boom" e as mulleres afanámonos nese despertar. Pero non nos levamos a engaño. Se ben é certo que a trancas e barrancas comencamos a andar polo camiño arduo do autocoñecemento, tamén é certo que no arrastre quedaron coxos de frixidez e temores. Tampouco debemos esquecer que a carreira fai "carreira" de casamento. E cos tempos que corren valen mais letradas que torpes.

A liberación non pasa só pola "titulitis", que limpa as malas conciencia. Falar de nos mesmas, do noso corpo, das relacións sexuais, aínda segue sendo tema tabú disfrazado de intelectualidade. Non hai que esconderse detrás de nada. Destaparse con firmeza e mirar cara adiante apesar dos atrancos, ten que ser hoxe a valentía, sen coller nada prestado das posturas viriles.

(1) A Pinaosa. Na nosa cultura chámase con este nome a unha entidade moi popular entre os nenos que se se portan mal, ven por eles e os queima, vese segundo din, polas noites de verán.



As mulleres protagonistas en Gernika



Con motivo do 50 aniversario do bombardeo de Gernika celebrouse nesta vila e durante toda a semana anterior ao 26 de Abril un extenso programa de actos co fin de manifestar a vontade de paz de todo un povo.

O día 23, nunha Gernika brillante e chea de sol tiveron lugar os numerosos actos adicados á muller. As Mulleres Nacionalistas Galegas foron invitadas a asistir e participar nos actos que organizaban conxuntamente Aizan e a Asamblea de Mulleres de Euskadi.

Pola mañán proxectouse un audiovisual sobre a muller na guerra civil e a continuación fíxose un colóquio con milicianas e mulleres que viviron o bombardeo. Estas mulleres, con tanta historia ás costas, contaronnos o horror das bombas e a destrución, o medo e a represión que por mulleres e nacionalistas padeceron durante a guerra e despois dela. Foi especialmente emotivo o encontro entre dúas milicianas que non se vian desde a guerra.

Tamén pola mañán proxectouse un grupo de videos con testimonios de mulleres e organizouse unha exposición de fotografía. Xa pola tarde iniciáronse os actos cunha representación

teatral do grupo "Teatro Vivo" de Guatemala que representou a obra "Ixok", sobre a situación da muller en Guatemala.

A continuación, unha mesa redonda sobre "As mulleres e os procesos de liberación nacional" no que interviron mulleres representantes de Nicaragua, Guatemala, Cataluña, Mulleres Nacionalistas Galegas, Aizan e Asamblea de Mulleres de Euskadi. Nesta mesa debatíronse as diferentes posturas do feminismo fronte aos movementos de liberación nacional, na que foi especialmente clarificadora a intervención da representante do Frente Sandinista de Liberación Nacional; xa ao remate leuse un comunicado das mulleres do Kurdistan.

Para rematar este día adicado á muller, o plato forte, o "Tribunal Internacional de Mulleres contra a guerra e a opresión", composto por mulleres representantes de Xestoras pro-amnistía, FSLN, Congreso Nacional Africano, Cataluña, Aizan, MNG, Asamblea de Mulleres, testigos do bombardeo, refuxiadas e Arantxa Arruti e Jone Dorronsoro (encausadas no Proceso de Burgos).

Ante unha sala abarrotada testificaron mulleres que de distintas formas sufriron e seguen a sufrir a guerra, a represión e a opresión.

Todas as alí presentes escoitamos os testimonios de mulleres supervivintes do bombardeo, as denuncias do colectivo de lesbianas, as estremecedoras verbas de tres mulleres torturadas física e psicolóxicamente, violadas e humilladas nas comisarías, verbas que a pesares de ser nalgún caso en euskera impresionaban sen necesidade de tradución. A continuación testificaron unha representante de Asamblea de Mulleres de Biskaia que denunciou as agresións que padece a muller no fogar e na vida cotidiana e unha representante do movemento pacifista

que fixo un recordo de Gladys del Estal, morta pola Guardia Civil cando participaba nunha manifestación antinuclear. E xa como último testimonio escoltouse unha grabación do colectivo de presas vascas, no que facían unha denuncia de represión que ten de perto sofren.

Nun impresionante ambiente leuse a sentenza do tribunal. Nesta sentenza denunciáanse as diferentes formas de agresión da muller por parte do sistema, do imperialismo, do fascismo e da dominación patriarcal que discriminan á muller no campo político, social e económico e que utilizan á muller como mero obxecto.


Esta é a condena: "Este tribunal, oídos os testimonios aportados polas testigos, condena a este sistema baseado na explotación dunha clase por outra, no poder dos homes sobre as mulleres e na opresión dos povos á pena capital de seren aniquilado e borrado da historia polo avance dos procesos de liberación que día a día protagonizamos as mulleres e os homes dos povos oprimidos.

As mulleres libres dos povos libres executarán esta sentenza.

Ao remate desta xornada, e xa de volta queda o regusto emocionado da solidariedade entre as mulleres, que de día en día se fan conscientes da marxinação, opresión e represión que padecen polo só feito de selo.

Só coñecendo a realidade poderemos cambiala, por iso actos como estes son tan importantes para manter viva a esperanza de estar cada vez máis cerca de ser mulleres libres en povos libres.

Gernika, 23 de Abril de 1987



“As mulleres nacionalistas ante as eleccións municipais”

As Mulleres Nacionalistas Galegas, ante as eleccións municipais, ofrecimos ao B.N.G., como formación política na que estamos integradas, o noso programa de actuación cara á muller. Estes son os puntos fundamentais que o B.N.G. inclúe no seu programa municipal:

■ Creación de servizos colectivos que cubran as actividades tradicionalmente asignadas á muller.

Son precisos servizos como comedores, garderías, lavanderías,... Crear unha infraestrutura de servizos en bairros, parroquias e bisbarras, que garantan o dereito das mulleres a incorporarse de xeito efectivo ao proceso productivo e social.

■ Creación dun servizo de información xurídico-laboral que axude á muller a defenderse das agresións machistas, recollan datos sobre a situación real da muller no concello, e organicen daccordo con outras institucións cursos de capacitación e reciclaxe que permitan a incorporación da muller ao mundo do traballo.

■ Servizo de Residencias para mulleres maltratadas e divorciadas, respetando o entorno social das mesmas; ben entendido que esta situación será transitória en tanto non atopen un posto de traballo.

■ O concello tomará as medidas xurídicas pertinentes para evitar o uso da imaxe da muller como obxecto por parte das empresas de publicidade dentro dos límites que lle competen.

■ Potenciar a creación de Centros de Orientación e Información Sexual coa misión de:

- organización de charlas destinadas a amosar a sexualidade feminina e a información de métodos anticonceptivos e contraceptivos incluído o aborto.
- manter un servizo de consulta individual que permita resolver os problemas concretos non exclusivamente xinecolóxicos.

■ Que non haxa discriminación sexual na contratación de personal e na promoción a postos de maior responsabilidade dentro do concello.



EN LEMBRANZA DE SIMONE de BEAUVOIR

Non queremos cerrar esta primeira edición de AREA sen lembrar a figura de Simone de Beauvoir. Non só porque este abril nos truxo o primeiro cabodano da súa morte, senon, e sobre todo, porque ela e a súa obra abriron para todas nos un camiño valioso e querido.

Cando en 1949 aparece “O segundo sexo” o movemento feminista atópase en regresión. Este libro desperta as conciencias de miles de mulleres, e hoxe sabemos que seguramente o feminismo non sería o que é sen ela, sen a súa análise da opresión da muller e o seu compromiso. Por iso desde a nosa primeira experiencia escrita que hoxe poñemos nas vosas mans queremos saudar á nosa compañeira de camiño e mestra en tantas cousas.



1870

1870

1870